

mascota feliz

- 1. DÁME** o teu agarimo: necesítoo máis que calquera outra cousa.
- 2. PROPORCIÓNAME** boa alimentación. Por suposto, nunca debe faltarme auga.
- 3. PERMÍTEME** facer exercicio: necesito correr, por iso tenme nun espazo amplo ou lévame onde poida xogar sen perigo.
- 4. PROPORCIÓNAME** un lugar abrigado e seguro para durmir.
- 5. NON ME DEIXES** nunca na rúa, non quero morrer nin na canceira municipal, nin atropelado, nin nun laboratorio de experimentación.
- 6. COIDA** a miña saúde, lévame ao veterinario cando me notes enfermo ou triste, vacíname e cepíllame no canto de bañarme ou, si me bañas, sécame ben, pois a humidade me prexudica.
- 7. NON ME TEÑAS** amarrado a unha cadea e tenme nun lugar afastado do sol.
- 8. ENSÍNAME** a obedecerche e a axudarche, gústame aprender e amosarche a miña intelixencia, pero faino con paciencia e agarimo, nunca con golpes ou berros.
- 9. TRÁTAME** con xustiza, non descargues en min o teu mal xenio nin me fagas pagar culpas alleas, trata de comprenderme, aínda que ás veces te custe, non esquezas que TI es o ser "racional".
- 10. NON ME ABANDONES** xamais, si algún motivo obrígache a separarte de min, busca un fogar amoroso que se preocupe por min.

Preciso cariño



Preciso un fogar

Programa educativo

Por unha tenencia responsable de

Animais



Eu nunca!

Organiza



Colabora



Beneficios de medrar cun animal de compañía

Aceptar coidar dun animal de compañía implica asumir unha grande responsabilidade.

Varios estudos sobre o comportamento infantil demostran que a relación cos animais produce beneficios emocionais e físicos. Os/as nenos/as con mascotas teñen máis alta autoestima e adquiren habilidades para coidar a outros e ao mesmo tempo demostran máis empatía e unha actitude máis responsable.

A súa compañía ten un efecto beneficioso sobre as familias, xa que as mascotas provén un foco para interactuar de xeito relaxado e desenvolver conxuntamente actividades divertidas, conversacións amigables e exercicio cotián.

Este proceso de aprendizaxe baseada en experiencias positivas, estará relacionado afectivamente coa nosa conduta futura e a nosa relación con outros seres vivos, especialmente as persoas.



Recomendacións

para adoptar

- Infórmate acerca do seu comportamento natural, hábitos alimenticios, dixestión, carácter, sentimentos (**si, eles son seres vivos que senten!!**), necesidades, saúde, etc. Para iso podes consultar co teu veterinario.
- Nos primeiros días no seu novo fogar sentirase soa, así que préstalle un coidado e atención especial e sobre todo compréndea. Chámaa polo seu nome, acaríña e amósa-lle que a queres xogando con ela. Infúndelle confianza, xa que é impredecible para a túa nova mascota. Ti tes o teu traballo, as túas diversións e amigos, pero a túa mascota tan só te ten a ti.
- Asegúrate que o sitio onde a túa mascota durmirá sexa brando, cálido e seco, seguro e axeitado ao seu tamaño e carácter.



unha mascota

- Cómpre que lle poñas o microchip e unha identificación co teu nome e teléfono.
- Cando o levas a pasear á rúa e faga as súas necesidades, ten a amabilidade de limpar, por respecto aos demais.
- Ocúpate de ela cando chegue a vella, tamén ti o serás algún día, non a abandones na rúa, é a súa maior inimiga, non comprende o perigo e te estrañará moito, por favor, pénsao!
- **NON** abandones nunca á túa mascota, cóidaa moito e lembra que xa sufriu moito antes. **Se a educas e tratas con agarimo terás unha amizade incondicional que che retribuirá con fartura o que ti fagas por ela.**

